

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA E TELEMÁTICA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 26 DE NOVEMBRO DO 2020.****Sesión 14/2020-P**

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luisa Rúa Prieto (SM) D^a María Soraya Salorio Porral (PP) D^a María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Alberto Manuel García Cotelo (PP) D^a María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D^a Isabel Reimúndez Suárez (BNG) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a María Nogareda Marzoa (AV) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIO ACCIDENTAL</u></p> <p>D. Juan Esteban Méndez Leiva</p>	<p>No territorio español, sendo as 20.00 horas do día xoves 26 de novembro do 2020, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido polo secretario accidental da Corporación D. Juan Esteban Méndez Leiva, quen dá fe do acto, reúnense por vídeo-conferencia a través da aplicación Zoom os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria e telemática prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno Ordinario e Telemático do Concello de Sada, e cédelle a palabra ao Secretario Accidental, quen pregunta para os efectos do art. 46.3 da Lei 7/1985 se hai algún concelleiro que se atope fóra do territorio nacional sen que ninguén conteste en sentido afirmativo, polo que queda validamente constituído o Pleno.

1º.- APROBACIÓN DE ACTAS (sesións núms. 11, 12 e 13/2020).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións núms. 11/2020, do 19/10/2020; 12/2020, do 29/10/2020 e 13/2020, do 17/11/2020.

A sra. Salorio Porral quéixase de que lles chegou unha acta onte pola noite, porque os borradores remitidos coa



convocatoria non se corresponden coas que figuran na Orde do Día, anunciando que votarán a favor.

O sr. Secretario Accidental indícalle que por asinar antes a propia convocatoria que os borradores de acta, o programa informático arrastrou os borradores das sesións anteriores.

A sra. Pardo Fafián indícalle que son tres cousas diferentes: o arrastre do programa, que houbo un erro administrativo e que se remitiu un borrador de acta á última hora no día de onte, que non está na Orde do Día.

O sr. Alcalde conclúe que houbo un erro na convocatoria, por un problema informático, si que foi un erro a remisión do borrador da acta núm. 11/2020.

Non habendo máis intervencións, quedan aprobadas por unanimidade as actas das sesións núms. 11/2020, do 19/10/2020, 12/2020, do 29/10/2020 e 13/2020, do 17/11/2020, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- PLAN DE ACCIÓN POLO CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES).

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 11/2020, do 19 de novembro, que recolle:

<<Vista a proposta da concelleira de Medio Ambiente e Normalización Lingüística para a APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN POLO CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE DO CONCELLO DE SADA (PACES):

A enerxía é un elemento clave para o funcionamento das nosas vilas e cidades e produce un alto impacto na sociedade, na economía e no medio ambiente. A produción e o uso da enerxía representa dous terzos (66%) das emisións mundiais de gases de efecto invernadoiro segundo a Axencia Internacional da Enerxía (AIE).

Aspirar a un mundo máis sustentable converteuse a día de hoxe nun propósito esencial para millóns de persoas, axentes empresariais e liderados políticos. Resulta imprescindible actuar consonte ao Acordo de París e aos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e construír unha estratexia baseada en valores. A comisión Europea puxo en marcha no ano 2008 o Pacto das Alcaldías, unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e á cidadanía no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da UE.

O Concello de Sada reunido na sesión plenaria ordinaria do día 29 de agosto de 2019 aproba a adhesión ao Pacto das Alcaldías para o clima e a enerxía, comprometéndose a presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no prazo de 2 anos.

Os municipios asinantes comprométese a:

- Reducir as emisións de CO2 un 40% para 2030.*
- Aumentar a eficiencia enerxética nun 27%.*
- Aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables nun 27%.*
- Elaborar unha serie de documentos técnicos e outros complementarios.*

En data 5 de xuño de 2020, este Concello procedeu á solicitude da subvención convocada pola Xunta de Galicia mediante Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

En data 28 de Agosto de 2020, notificouse definitivamente a concesión da axuda solicitada, por un importe total de 9.000,00 euros, co obxecto da elaboración do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable. A elaboración do PACES realizouse pola asistencia técnica externa, contratada a estes efectos á empresa ISENER mediante contrato menor de servizos, en colaboración co Concello.

A creación e implantación de políticas de enerxía sustentable é un proceso que require moito tempo e esforzo, e que debe ser planificado e supervisado de forma regular e sistemática. Require a colaboración e coordinación entre as diferentes áreas da Administración Local ademais da intensa colaboración e participación do público, que participa como cómplice e parte activa de todo o proceso.

Os contidos do PACES comprenden:

- Un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación.*
- Unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático.*
- As medidas previstas para reducir e limitar as emisións de gases de efecto invernadoiro e prepararse para os cambios impactos do cambio climático.*

O PACES é un documento chave que mostra como os asinantes do Pacto van cumprir os seus compromisos de redución de emisións. Utiliza os do IRE para identificar os mellores ámbitos de actuación e as mellores oportunidades para acadar o obxectivo de redución de



e tamén define as medidas de redución concretas, xunto cos prazos e as responsabilidades asignadas, que traducirán a estratexia a longo prazo en accións.

Para a elaboración do PACES necesitouse a implicación transversal de todo o Concello personalizando o compromiso da alcaldía aínda que foi a área de medio ambiente e urbanismo quen liderou o proceso.

As labores para a confección do documento de forma resumida consistiron en:

- Reunión inicial para alcanzar obxectivos.
- Recollida de datos.
- Elaborar plan de participación.
- Elaborar Inventario Emisións de Referencia.
- Elaborar o Informe de Avaliación de riscos e vulnerabilidades.
- Elaborar o Plan de Acción para a enerxía Sostible e o Clima.
- Elaborar o documento de síntese.
- Presentar o Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES).

Unha vez entregado o plan ao Concello e revisado polos servizos técnicos, o Concello de Sada, reunido en sesión ordinaria o día 26 de novembro de 2020, aproba a adopción dos seguintes acordos:

- A aprobación do Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sustentable do Concello de Sada, consonte ao acordado trala sinatura do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea, aprobado na sesión plenaria do 29 de agosto de 2019.
- Facultar ao alcalde de Sada para a promoción do desenvolvemento das medidas recollidas no PACES>>.

Comeza a sra. Rúa Prieto facendo unha exposición da proposta do PACES.

No debate, a sra. Pardo Fafián (PSOE) está de acordo e sinala o seu voto favorable, e o sr. Tellado Villares (PP) indica que na sesión plenaria de maio acordouse incorporarse ao Pacto dos Alcaldes polo Clima e agora hai presa para xustificar a subvención antes do vindeiro 30 de novembro, e pediron información e ofreceron colaboración e non obtiveron resposta polo que se absterán.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- A aprobación do Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sustentable do Concello de Sada, consonte ao acordado trala sinatura do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea, aprobado na sesión plenaria do 29 de agosto de 2019.

Segundo.- Facultar ao alcalde de Sada para a promoción do desenvolvemento das medidas recollidas no PACES.

3º.- CONVENIO PARA A MELLORA DO FUNCIONAMENTO HIDRÁULICO DO RÍO MAIOR NO NÚCLEO URBANO DE SADA.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 11/2020, do 19 de novembro, que recolle:

<<Examinado e achado conforme o proxecto de CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE SADA PARA A MELLORA DO FUNCIONAMENTO HIDRÁULICO DO RÍO MAIOR, NO NÚCLEO URBANO DE SADA, que ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Sada que permitan realizar un estudo de alternativas que determine a proposta máis adecuada para a mellora do funcionamento hidráulico do río Maior, no núcleo urbano de Sada e, a partir das conclusións obtidas neste estudo, realizar un proxecto construtivo da solución determinada, acometer as obras e, posteriormente, conservalas e mantelas, nos termos que se establecen nas cláusulas seguintes de dito convenio.

Visto o informe emitido por intervención.

Propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Sada para a mellora do funcionamento hidráulico do Río Maior no núcleo urbano de Sada, facultando ao sr. Alcalde-Presidente para a sinatura de dito convenio e para a adopción de cantas resolucións esixa a súa debida execución>>.



Comeza o sr. Fariña Andrade facendo unha exposición sobre o convenio para poñer unha primeira pedra na diminución do risco de inundación na zona de Cantalarrana.

No debate, a sra. Nogareda Marzoa (AV) considera que se trata dunha obra que se debe facer canto antes; a sra. Pardo Fafián (PSOE) sinala que se trata dunha actuación urxente e necesaria polo que o seu grupo votará a favor; a sra. Salorio Porral (PP) recorda que logo das inundacións o 30-03-2016, ás máis graves do Concello de Sada, houbo unanimidade en que era preciso arranxar as canalizacións que cobren a desembocadura do río Maior, así o acordo plenario do 31-03-2016, e os máis de setenta escritos presentados polo PP para que fose o Concello de Sada o que fixese o proxecto técnico, e engade que dunha proposta de convenio a tres bandas (Xunta, Concello e Deputación) pasan agora a un acordo Xunta e Concello de Sada, e anuncia que o seu voto será a favor.

O sr. Alcalde matiza que como teñen que poñer preto do 40%, e o Presidente da Deputación se comprometeu a financiar un terzo, cunha subvención nominativa anual no 2021 e no 2022, que debe figurar na acta plenaria do mes pasado, agradecendo a colaboración institucional prestada tanto pola Deputación, como por Augas de Galicia, non sendo o convenio ideal, e entenden que a Deputación axude a financiarlo, asumindo o Concello de Sada os dous terzos de desviación, tanto por riba, como por abaixo.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) quere remarcar que, como xa dixo o sr. Alcalde, a Deputación Provincial se comprometeu a financiar un terzo da memoria valorada, e agora segue mantendo o seu compromiso, o financiamento dun terzo da memoria valorada, pero non vai asinar o convenio, dado que, ao non asinar o convenio, non se compromete a asumir nin os posibles incrementos, nin tampouco as posibles diminucións, por tratarse dunha competencia que non é da Deputación.

A sr. Salorio Porral (PP) replica que 375.000 euros non é unha cantidade desprezable, pero o que ía ser un convenio a tres bandas agora vai ser a dous, e lembra que fai tres anos propuxeron que se empregase o POS 2017 ou o remanente para facer a obra, con cargo todo a recursos do concello, claro que sae máis económico repartir a carga financeira.

O sr. Fariña Andrade fala de que o PP volve a perder unha oportunidade histórica de calar a boca, apoiar en positivo e deixar de enturbar, e lembra que el leva sufrindo na súa casa inundacións dende fai preto de 50 anos, cando tiveron todas as institucións no seu poder (Xunta de Galicia, Deputación Provincial e Concello de Sada) e non fixeron nada, engade que no estudo de ARPSI o informe que elabora a Xunta de Galicia baséase no propio informe previo do Concello de Sada.

O sr. Alcalde agradece a todos os membros da Corporación o seu voto favorable, así como a Augas de Galicia e a Deputación Provincial a súa colaboración.

A sra. Salorio Porral (PP) quere aclarar que o seu grupo trouxo mocións, propostas e escritos, pero di que o Goberno Municipal atrasou este tema, para conseguir achegas doutras administracións, veñen a falar e apoiar esta proposta de acordo.

O sr. Alcalde reitera o agradecemento a todos os membros da Corporación o seu voto favorable, así como a Augas de Galicia e a Deputación Provincial a súa colaboración, á Universidade da Coruña, a través do seu grupo GEAMA.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Único.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Sada para a mellora do funcionamento hidráulico do Río Maior no núcleo urbano de Sada,



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000016

facultando ao sr. Alcalde-Presidente para a sinatura de dito convenio e para a adopción de cantas resolucións esixa a súa debida execución.

4º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 26 de outubro (núm. 2.232) ata o 20 de novembro do 2020 (núm. 2.521).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 26 de outubro (núm. 2.232, do expediente 2020/G003/002339) ata o 20 de novembro do 2020 (núm. 2.521, do expediente 2020/G003/002650), que foron postas de manifesto á secretaria da Corporación.

B.- Mocións.

1.- Declaración institucional 25 de novembro Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) dá lectura á seguinte Declaración institucional 25 de novembro Día Internacional contra a Violencia de Xénero:

<<DECLARACIÓN INSTITUCIONAL
25 NOVIEMBRE
DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Este ano vai quedar marcado para a nosa memoria como o ano da COVID-19, pero, sen dúbida, tamén por moitas mulleres será recordado como o ano no que tivemos que facer un esforzo adicional, exercendo, aínda que non o fomos, de ensinantes, psicólogas, coidadoras... Este aumento na carga de coidados, unido á interrupción das redes sociais próximas, creou unha maior situación de tensión no fogar, o que elevou a posibilidade de aumento de risco das violencias.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) amosou así a súa preocupación polo incremento global da violencia de xénero e intrafamiliar durante esta crise sanitaria e instou ós países para adoptar medidas urxentes de prevención e asistencia ás vítimas, e en particular ás que sofren violencia por parte da súa parella, como un servizo esencial dentro das accións desta emerxencia sanitaria.

Por iso, o Concello de Sada quere ser unha ferramenta para sensibilizar a sociedade a través das diversas campañas. Xunto a outros Concellos e administracións, Sada quere ser parte dese río de carraxe que pretende poñer fin a estas violencias que sufrimos as mulleres polo simple feito de sérmolo.

No que vai de ano, 41 mulleres foron asasinadas en España, 1.074 dende que se empezou a contabilizalas, no 2003. Destas corenta e unha mulleres, polo menos trinta convivían co seu agresor.

A nivel mundial, os últimos datos que coñecemos son do 2017, e indican que 3 de cada 5 mulleres asasinadas, fórono a mans das súas parellas, exparellas ou algún membro da familia. Nese ano, estímase que no mundo 87.000 mulleres foron vítimas de violencia de xénero.

Estes datos poñen de relevo a importancia de crear redes entre mulleres, de traballar dende o local para todas, entrecruzando fíos que consoliden ese tecido, fomentando a atención e o empoderamento necesario para afrontar esta situación social. Poñendo, ademais, énfase na necesidade de visibilizar o papel de quen acubilla e silencia estas violencias, pois quen lle outorga complicidade ao agresor e mira para outro lado tamén é culpábel.

Desde o Concello de Sada queremos reiterar neste 25 de novembro o noso compromiso para erradicar as violencias contra as mulleres, así como a nosa obriga de combatelas con todos os recursos dispoñíbeis ao noso alcance e incluíndo a todas e a todos nesta loita (axentes sociais, institucións, cidadanía, medios de comunicación...); recoñecendo, deste xeito, o importante papel das entidades locais como poderes públicos próximos ás realidades que viven mulleres e cativos.

Por iso, este 25 de novembro vestímonos de loito, no traballo, na casa e na rúa, facendo visible os feminicidios, facendo visible as violencias. Porque non somos unha, nin dúas, somos milleiros de persoas as que estamos fartas de aturar as violencias machistas. En xogo está a vida de milleiros de mulleres e, por iso, dende Sada loitamos contra as violencias, loitamos contra o machismo>>.

2.- Declaración institucional pola sentenza que declara o Pazo de Meirás como propiedade do Estado.

O sr. Alcalde adianta que, dado que non existe unanimidade, a inicial declaración institucional convértese nunha moción.

A sra. Rodríguez Pena xustifica a urxencia da moción.



Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta.

A continuación, a sra. Rodríguez Pena (BNG) dá lectura á moción:

<<DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

A Corporación Municipal de Sada quere manifestar a súa satisfacción pola sentenza que declara o pazo de Meirás como propiedade do Estado e que esixe á familia Franco a súa devolución ao patrimonio público. É unha conquista colectiva do pobo galego, onde o Concello de Sada tivo un importante protagonismo. É de xustiza recoñecer, tamén, o traballo dos nosos veciños, Carlos Babío Urquidi e Manuel Pérez Lorenzo, cuxa labor de investigación e documentación foi fundamental para a presentación da demanda civil pola Avogacía do Estado contra os herdeiros do ditador Franco. Así mesmo, expresamos o noso agradecemento polo esforzo e o compromiso aos cargos públicos representantes de diferentes partidos que integraron anteriores corporacións municipais que sentaron as bases dun proceso pola recuperación da memoria histórica que o vindeiro 10 de decembro acadará unha importante e simbólica vitoria.

Neste triunfo colectivo do pobo galego cómpre destacar os anos de traballo previos e de mobilización cívica por parte das entidades locais como a A.C Irmáns Suárez Picallo ou a Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica da Coruña así como a propia veciñanza de Sada que non calou ante o discurso da desmemoria como pezas esenciais para poñer fin ao espolio que rematou coa sentenza histórica que retira a propiedade aos herdeiros do ditador>>.

O sr. Alcalde sinala que o grupo municipal do PP vai presentar unha emenda.

A sra. Salorio Porral (PP) comeza indicando que non se sabe canto vai custar o Pazo de Meirás, quen o vai coidar, descoñecen o proxecto e lembra que o sr. López Soto celebrou con petiscos a expropiación de Mondego, que agora por sentenza firme hai que pagar 1.500.000 euros, polo que propoñen a emenda seguinte:

<<A Corporación Municipal de Sada quere manifestar a súa satisfacción pola sentenza que declara, en primeira instancia, o pazo de Meirás como propiedade do Estado que e que esixe á familia Franco a súa devolución ao patrimonio público. É de xustiza recoñecer o labor desinteresado de persoas, asociacións, partidos políticos e das distintas Administracións na preparación e defensa da demanda>>.

A sra. Salorio Porral (PP) considera que se o Goberno Municipal quere facerlle unha homenaxe aos participantes que llo faga, pero considera que non é o obxecto desta declaración, se aceptan a emenda votarán a favor, se non a aceptan o seu grupo absterase.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) di que se pretende un recoñecemento de institucións e de persoas a título individual.

O sr. Alcalde considera que non hai ningún compromiso, non hai gasto, o PP fai un recoñecemento máis amplo de todas as Administracións Públicas, e reitera que o a unidade institucional foi clave para a recuperación do Pazo.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) insiste en que o recoñecemento ás institucións e ás persoas non se debe misturar con quen vai levar a xestión, que se tratará no seu debido momento.

A sra. Rodríguez Pena (BNG) considera que poderían incluír o de sentenza en primeira instancia, por precaución, pero o sentido desta declaración institucional é recoñecer o traballo da veciñanza de Sada e dos colectivos sociais neste proceso, porque a recuperación do Pazo de Meirás non é unha vitoria exclusiva da Xustiza, senón do pobo galego, en tanto en canto levan anos traballando en diversos eidos, que fai que hoxe sexa unha realidade consolidada.

O sr. Blanco Montero (PSOE) salienta que non se sabe qué vai ser do Pazo de Meirás, quen o vai xestionar, pero que o importante é recuperar o Pazo, polo que pensa que esta declaración/moción debería ser aprobada por unanimidade, e non está de acordo en retirar o nome das persoas que traballaron arreo por esta causa, e que se pode ampliar o recoñecemento a máis institucións.

A sra. Salorio Porral (PP) pretende non nomear a ninguén, facendo un recoñecemento colectivo, polo que ou se



aproba un recoñecemento sen nomes ou o seu grupo hase abster.

O sr. Alcalde engade que hai un libro de dous ex membros da Corporación que foi fundamental na sentenza, e así o recoñece a propia sentenza, e foi fundamental no posicionamento xurídico do Concello de Sada, de Lito e Carlos Babío, que acolleu a Avogacía do Estado, a dobre escritura, polo que non se lle nomea por ser políticos, senón pola súa achega a este proceso, ao igual que outras institucións, debendo matizarse que é unha execución provisional.

Deseguido, o sr. Alcalde procede a efectuar a votación.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) pregunta que se está a votar.

O sr. Alcalde respóndelle que a moción co texto da emenda.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

A Corporación Municipal de Sada quere manifestar a súa satisfacción pola sentenza que declara o pazo de Meirás como propiedade do Estado e que esixe á familia Franco a súa devolución ao patrimonio público. É unha conquista colectiva do pobo galego, onde o Concello de Sada tivo un importante protagonismo. É de xustiza recoñecer, tamén, o traballo dos nosos veciños, Carlos Babío Urquidi e Manuel Pérez Lorenzo, cuxa labor de investigación e documentación foi fundamental para a presentación da demanda civil pola Avogacía do Estado contra os herdeiros do ditador Franco. Así mesmo, expresamos o noso agradecemento polo esforzo e o compromiso aos cargos públicos representantes de diferentes partidos que integraron anteriores corporacións municipais que sentaron as bases dun proceso pola recuperación da memoria histórica que o vindeiro 10 de decembro acadará unha importante e simbólica vitoria.

Neste triunfo colectivo do pobo galego cómpre destacar os anos de traballo previos e de mobilización cívica por parte das entidades locais como a A.C Irmáns Suárez Picallo ou a Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica da Coruña así como a propia veciñanza de Sada que non calou ante o discurso da desmemoria como pezas esenciais para poñer fin ao espolio que rematou coa sentenza histórica que retira a propiedade aos herdeiros do ditador.

3.- Moción do GM do PSOE de apoio á campaña e proposición de apoio á campaña e proposición non de lei de iniciativa popular para unha canle xabaril club na tvg e máis e mellor difusión da programación infantil e xuvenil en galego impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística.

O sr. Blanco Montero (PSOE) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

A continuación, o sr. Blanco Montero (PSOE) dá lectura á moción:

<<MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA ó abeiro do disposto nos artigos 91.4e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), DE APOIO Á CAMPAÑA E PROPOSICIÓN NON DE LEI DE INICIATIVA POPULAR PARA UNHA CANLE XABARIL CLUB NA TVG E MÁIS E MELLOR DIFUSIÓN DE PROGRAMACIÓN INFANTIL E XUVENIL EN GALEGO IMPULSADA POLA MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE SADA.



Exposición de motivos

A mediados dos 90 do século XX, Galiza situouse á vangarda dos contidos infantís e xuvenís coa programación do Xabari Club da Televisión de Galiza. Con ela, non só contribuíu decisivamente á normalización da lingua galega senón tamén á difusión da música, da produción audiovisual e escénica desenvolvida no país.

Esta situación mudou. Hoxe, a lingua galega é a única oficial no Estado español que non conta cunha canle de emisión continuada de programación infantil e xuvenil. O resultado disto é que só o 4,6% da programación semanal está en galego, caendo ao 2,7% na fin de semana.

A través de canles como Clan, Super3 ou ETB3 todas as crianzas, rapaces e raparigas do Estado español agás as galegas poden gozar dos mellores contidos televisivos na súa lingua.

Cómpre ter en conta que as novas xeracións adoitan consumir contidos noutros dispositivos como tabletas ou móbiles, polo que as aplicacións dos medios dedicadas aos contidos infantís tamén son moi importantes. Neste sentido, Clan TV de TVE ten unha aplicación que, ademais, dispón de diferentes actividades mais a pesar de ser unha canle pública, exclúe a opción en galego. Mentres, a App Xabari Club da TVG, está sen actualizar desde 2018 e xa non é posíbel a descarga en dispositivos Android.

Temos unha corporación pública con boas e bos profesionais que cómpre dotar demáis e mellores medios técnicos para ser unha ferramenta eficaz e de primeira orde para a normalización lingüística na mocidade.

Para permitir o visionado na lingua propia das series e filmes máis vistos, os gobernos vasco e catalán chegaron a acordos con plataformas como Movistar + para a emisión de todos os seus contidos coa opción de lexendado nas súas respectivas linguas.

Non hai ningún motivo para que a infancia e mocidade galega non conte coas mesmas opcións para a visualización de contidos audiovisuais de éxito na súa lingua que se vivise en calquera outro territorio do Estado.

A Lei 6/1999, do 1 de setembro, do Audiovisual de Galiza, recolle nos seus artigos 1º, 4º e 5º, a importancia cultural, económica, social e para a normalización lingüística das actividades do sector audiovisual, recoñecendo o seu carácter estratéxico.

Na mesma liña a TVG, nos principios xerais de programación, dentro do seu portal de transparencia sinala que o “especial papel correspóndelle á TVG e á Radiotelevisión á hora de contribuír á normalización da lingua galega e á difusión da cultura propia de Galiza”.

No Estado español, a Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, recolle no seu capítulo I do título II, a garantía dos dereitos dos cidadáns e cidadás a recibir contidos en condicións de pluralismo cultural e lingüístico. Deste xeito, no artigo 4º di que “os operadores de titularidade pública contribuírán á promoción da industria cultural, en especial á de creacións audiovisuais vinculadas ás distintas linguas e culturas existentes no Estado”; e no artigo 5º, que “as comunidades autónomas con lingua propia poderán aprobar normas adicionais para os servizos de comunicación audiovisual do seu ámbito competencial co fin de promover a produción audiovisual na súa lingua propia”.

A lingua galega precisa espazos de uso, de reprodución e socialización para existir e desenvolverse. O galego debe estar “en todo e para todo”, en palabras de D. Ricardo Carvalho Calero. A exclusión ou a inferioridade de condicións no ámbito audiovisual impide calquera política real a favor da normalidade plena do noso idioma.

O goberno galego conta con importantes recursos para tornar realidade a demanda cidadá para que o galego estea presente e dispoñible en todos os espazos, nomeadamente para a infancia e a mocidade.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Sada somete a votación a seguinte MOCION para ser aprobada en Pleno:

- Manifestar o seu apoio á Proposición Non de Lei de Iniciativa Popular impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística PARA UNHA CANLE XABARIL CLUB NA TVG E MÁIS E MELLOR DIFUSIÓN DE PROGRAMACIÓN INFANTIL E XUVENIL EN GALEGO e a vontade de contribuír ao desenvolvemento da campaña.

- Instar ao Parlamento de Galiza e ao Goberno da Xunta de Galiza a que tomen as medidas necesarias para:

1) O aumento da oferta en galego destinada á infancia e mocidade nas televisións públicas a través dunha canle Xabari Club, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñible en todas as plataformas de contidos audiovisuais así como App actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego, a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

2) Que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

3) Que o goberno galego chegue a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada ao galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar as accións necesarias para a recepción mutua RTP - TVG en Galiza e Portugal segundo o contemplado na Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias>>.

A sra. Nogueira Marzoa (AV) comenta que existe concordancia coa moción, cando se fala dun tema lingüístico non entende por que se tratan de maneira excluínte e non integradora, e anuncia o seu voto a favor.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) sinala que é pública a postura do BNG neste aspecto e anuncia o seu voto



favorable a esta iniciativa.

O sr. García Coteló (PP) anuncia que como consecuencia do despregamento da tecnoloxía 5G o mes pasado o 01/10/2020 comezou o segundo dividendo dixital liberado, polo que non semella moi apropiado a ampliación do TDT cando este servizo está en retroceso e con data de caducidade (2023), polo que unha nova canle Xabarín obrigaría a crear unha nova canle ou ao despregamento dunha nova canle da que Galicia non dispón, polo que presentarán unha emenda transaccional:

<<Por todo o exposto, sométese a votación para ser aprobado en Pleno:

- Instar ao Parlamento de Galiza e ao Goberno da Xunta de Galiza a que tomen as medidas necesarias para:

1) - Instar á Corporación Radio Televisión de Galicia a seguir reforzando a súa oferta de programación infantil e xuvenil con contidos atractivos, actuais e pasados, así como con contidos atractivos e de produción galega, nos horarios de maior consumo dos máis novos, facéndoo accesibles a través dea web e da app xabarín.tvg.

- Instar ao Goberno de España e ás Cortes Xerais para:

1) Que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

2) Impulsar as accións necesarias para a recepción mutua RTP - TVG en Galiza e Portugal segundo o contemplado na Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias>>.

O sr. Blanco Montero (PSOE) non está de acordo con eliminar o parágrafo primeiro, pois di que é o punto de partida da moción, o apoio á Proposición Non de Lei de Iniciativa Popular impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística, discrepa no punto un, está de acordo co punto dous e discrepa co punto tres, polo que conclúe que non está de acordo coa emenda.

A sra. Rúa Prieto (SM) di que non lle consta que sexa a canle máis vista dos rapaces de 14 anos, considera que é necesario devolver o galego ao lugar que debe, polo que votarán a favor da moción.

O sr. García Coteló (PP) replica que teñen datos oficiais, que é a canle máis vista na mocidade galega entre 15 a 24 anos.

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da emenda transaccional do PP, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (5 PP).

- Votos en contra: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).

- Abstencións: Non se produciron.

A continuación procédese á votación do texto da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).

- Votos en contra: 5 (5 PP).

- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

- Manifestar o seu apoio á Proposición Non de Lei de Iniciativa Popular impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística PARA UNHA CANLE XABARIL CLUB NA TVG E MÁIS E MELLOR DIFUSIÓN DE PROGRAMACIÓN INFANTIL E XUENIL EN GALEGO e a vontade de contribuír ao desenvolvemento da campaña.

- Instar ao Parlamento de Galiza e ao Goberno da Xunta de Galiza a que tomen as medidas necesarias para:

1) O aumento da oferta en galego destinada á infancia e mocidade nas televisións públicas a través dunha canle Xabaril, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñible en todas as plataformas de contidos audiovisuais así como App actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego, a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.



2) Que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

3) Que o goberno galego chegue a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lendada ao galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar as accións necesarias para a recepción mutua RTP - TVG en Galiza e Portugal segundo o contemplado na Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias.

4.- Moción do GM do PSOE con motivo do 25 de novembro, Día Internacional da eliminación da Violencia contra a muller.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) xustifica a urxencia da moción, presentada o 2 de novembro, logo de terse aprobado a declaración institucional.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, a sra. Pardo Fafián (PSOE) dá lectura á moción:

<<MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE SADA

Cada 25 de novembro, o PSdeG-PSOE súmase á conmemoración do Día Internacional contra a Violencia contra as mulleres. Neste 2020 cúmprense 20 anos da designación desta data por Nacións Unidas. E como cada un deles quere mostrar o seu apoio a tódalas vítimas: ás mulleres asasinadas, aos seus fillos e fillas orfos; ás súas nais, pais, irmáns, irmás, amigos. Compartimos a súa dor, a súa desolación e combatemos a súa causa.

Dende 2003 foron asasinadas 1.071 mulleres e dende 2013, 297 nenas e nenos quedaron orfos. En 2020 foron asasinadas 38 mulleres, das cales 2 eran galegas, e 19 nenos e nenas quedaron orfos.

Este mes de outubro coñecemos os datos da “ Macroenquisa de violencia contra a muller ” encargada na pasada lexislatura socialista. Os datos son estremecedores:

1. O 34,2% das mulleres sufriron violencia por parte das súas parellas ou ex parellas.
2. O 47,2% non denunciaron nin utilizaron os servizos públicos de axuda.
3. O 40,4% das mulleres sufriu acoso sexual ao longo da súa vida.
4. Dese 40,4%, o 60,5% das mulleres tiñan entre 16 e 24 anos. As cifras aumentan entre as mulleres novas.
5. De cada 10 mulleres vítimas de violencia de xénero con fillos ou fillas afirman que estes sufriron tamén violencia por parte das súas parellas.

Tal como expresa a ONU, “a violencia contra as mulleres e as nenas, arraigada nunhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes, persiste como unha crise silenciosa e endémica”. Este ano, ademais, a situación viuse agravada pola pandemia mundial que nos arrasa. E que, se afecta a mulleres con máis intensidade e de forma concreta pola desigualdade estrutural na que se atopan, é especialmente terrible para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

A Directora Executiva de ONU Mulleres, PhumzileMlambo- Ngcuka, alertaba sobre o impacto da Covid-19 nas mulleres, e especialmente nas vítimas de violencia abocadas a confinarse co seu agresor: “O confinamento aviva a tensión e a tensión xerada por preocupacións relacionadas coa seguridade, a saúde e o diñeiro. Así mesmo, reforza o illamento das mulleres que teñen compañeiros violentos, separándoas das persoas e os recursos que mellor poden axudalas. É a situación perfecta para exercer un comportamento controlador e violento no fogar.

No noso país, as chamadas ao 016 incrementáronse exponencialmente en todo o territorio durante o confinamento. O PSdeG puxo no centro da resposta a prevención e a aplicación das medidas necesarias para loitar contra a violencia de xénero nestas circunstancias, e consideráronse servizos esenciais nos plans de resposta que o Goberno de coalición puxo en marcha. O Goberno aprobou o pasado 31 de marzo o Real Decreto de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero, ás vítimas de explotación sexual, trata ou agresións sexuais, nestes momentos tan excepcionais.

A violencia contra as mulleres é especialmente dura nas zonas rurais. O illamento que sofren as vítimas de violencia de xénero no ámbito da parella ou exparella é tripla: pola escasa participación dos espazos públicos e a relegación ao ámbito privado, por estar illadas xeograficamente e por identificar a súa propia situación como un proceso individual, e non como o problema estrutural que é, consecuencia da desigualdade entre mulleres e homes. Así o indica o estudo sobre “Mulleres vítimas de violencia de xénero no mundo



rural” realizado pola Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (FADEMUR), entre decembro de 2018 e xaneiro de 2020, en cumprimento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que este ano cumpre o seu terceiro aniversario.

Tamén no marco do Pacto, o pasado ano publicouse o estudo sobre “Mulleres maiores de 65 anos vítimas de violencia de xénero”, que pon de manifesto unha realidade que permanece a miúdo invisible. E que revela unha violencia sostida no tempo con datos estremecedores: o 40% das vítimas sufriu violencia durante máis de corenta anos e o 27% padeceuna, entre dous e tres décadas. Toda unha vida de vexacións, agresións, control e medo. Un colectivo especialmente vulnerable que require toda a nosa atención, apoio e sustento.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, longamente demandando polo movemento feminista, e impulsado polo PSdeG supuxo un antes e un despois na abordaxe institucional da violencia de xénero. A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, foi o cambio de paradigma que fixo posible no noso país que os poderes públicos recoñecesen un tipo concreto e específico de violencia, que é a que se exerce contra as mulleres polo feito de ser mulleres. Así mesmo, continuando pola senda marcada, o Pacto de Estado é a mostra do consenso de todos os grupos parlamentarios, e por tanto, de toda a sociedade española representada a través deles, para acabar con esta violencia.

O PSdeG sempre loitou para que ningún interese partidista estivese por encima do recoñecemento do drama que supón esta violencia. Drama humano polas familias esnaquizadas, polo medo cotián que padecen tantas mulleres, pola incompreensión e ás veces ata pola indiferenza.

Na lexislatura anterior, unha das primeiras medidas do goberno socialista de Pedro Sánchez, foi dar cumprimento ao desenvolvemento do Pacto de Estado, que levaba un ano paralizado. En poucas semanas, puxéronse ao dispor de todos os territorios e entidades locais os fondos para previr e combater a violencia de xénero. Coa Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, realizáronse os cambios lexislativos máis apremiantes para ampliar a protección e o amparo das vítimas e as súas fillas e fillos. E fíxoo con acordo, disposición, responsabilidade e firmeza.

A violencia de xénero non ten cabida na sociedade que aspiramos a ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obrigaón. A violencia machista interpélanos a todos e as administracións locais debemos combatela con todos os medios ao noso alcance.

No ámbito das nosas competencias desenrolamos un papel fundamental na prevención, así como na información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e as súas fillas e fillos.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista de Sada propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes acordos:

1. Ratificar o compromiso firme do Concello coa igualdade de xénero, os dereitos das mulleres e a erradicación de calquera tipo de violencia contra as mulleres.
2. Reforzar as medidas contidas na Lei Integral contra a Violencia de Xénero do 28 de Decembro de 2004 e no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero no marco das competencias municipais, así como o seu seguimento.
3. Dotar dos recursos económicos adecuados os instrumentos de loita contra todas as formas de violencia contra as mulleres.
4. Promover accións de prevención, sensibilización, difusión, acerca da Violencia de Xénero en mulleres maiores de 65 anos destinadas a mellorar o coñecemento dos seus dereitos e dos servizos dispoñibles para atendelas.
5. Reforzar as medidas dirixidas atención ás mulleres que viven no mundo rural, aumentando o número de recursos especializados de atención de forma coherente coa realidade rural e a distribución xeográfica. Adaptación das campañas de prevención e sensibilización ás súas necesidades.
6. Impulsar a colaboración coas entidades e asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista.
7. Intensificar e adaptar todos os recursos dos que dispón o concello relacionados con atención a vítimas de violencia machista durante a pandemia.
8. Combater os posicionamentos políticos que propugnen a negación da existencia da violencia de xénero ou rexeite a validez das políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.
9. Rexeitar todas as formas de violencia contra as mulleres e manifestar o noso compromiso coas vítimas>>.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) indica que o seu voto vai ser favorable.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) parécelles ben que, aínda que se aprobara a declaración institucional, tamén se mantéña esta moción do PSOE, porque é un tema o suficientemente importante, estando a favor da exposición de motivos, e agradece o alto nivel de participación da campaña local, involucrando na campaña “de fronte”, co apoio do material didáctico da Deputación da Coruña, o obradoiro de autoestima, de atención psicolóxica específica, a posta en marcha do sistema bioxen, agora que se está incrementando a violencia machista en tempos de covid, o recoñecemento aos movementos feministas, e indica que o seu voto vai ser favorable.

A sra. Salorio Porral (PP) comeza sinalando que o PP se opón á violencia, sexa do tipo que sexa, especialmente á de xénero e apoian todas as iniciativas para erradicala, dá unha serie de datos sobre a intervención da Xunta de Galicia, e amosa o apoio á moción.

A sra. Mouriño Neira (SM) anuncia o seu compromiso coa igualdade e a loita contra a violencia machista, a violencia



sexual, a violencia económica, porque forman parte da cultura machista que cómpre erradicar, polo que o seu voto vai ser favorable.

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación do texto da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1. Ratificar o compromiso firme do Concello coa igualdade de xénero, os dereitos das mulleres e a erradicación de calquera tipo de violencia contra as mulleres.
2. Reforzar as medidas contidas na Lei Integral contra a Violencia de Xénero do 28 de Decembro de 2004 e no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero no marco das competencias municipais, así como o seu seguimento.
3. Dotar dos recursos económicos adecuados os instrumentos de loita contra todas as formas de violencia contra as mulleres.
4. Promover accións de prevención, sensibilización, difusión, acerca da Violencia de Xénero en mulleres maiores de 65 anos destinadas a mellorar o coñecemento dos seus dereitos e dos servizos dispoñibles para atendelas.
5. Reforzar as medidas dirixidas atención ás mulleres que viven no mundo rural, aumentando o número de recursos especializados de atención de forma coherente coa realidade rural e a distribución xeográfica. Adaptación das campañas de prevención e sensibilización ás súas necesidades.
6. Impulsar a colaboración coas entidades e asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista.
7. Intensificar e adaptar todos os recursos dos que dispón o concello relacionados con atención a vítimas de violencia machista durante a pandemia.
8. Combater os posicionamentos políticos que propugnen a negación da existencia da violencia de xénero ou rexeite a validez das políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.
9. Rexeitar todas as formas de violencia contra as mulleres e manifestar o noso compromiso coas vítimas.

5.- Moción do PP para a emisión de informes polos habilitados nacionais sobre a conveniencia de manter a solicitude de revisión de oficio do xustiprezo das parcelas expropiadas en 2008 para ubicar o centro de día e a escola infantil en Mondego.

O sr. Alcalde anuncia que había unha moción presentada polo PP sobre a solicitude de informes aos funcionarios habilitados, da que vai emitir informe o secretario accidental antes de proceder á votación da súa urxencia.

O secretario accidental sinala que, en relación coa moción, se está a pedir un informe económico e un informe xurídico, polo que, en realidade, o que poden pedir os informes un terzo dos membros da Corporación, como indica a normativa, porque aínda está no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, polo que hai tempo para pedir e para emitir os informes.

A sra. García Freire (PP) di que é unha petición de informe e non fai falla facelo así, pero pregunta se pode facerse.

O secretario accidental respóndelle que non semella que sexa a canle máis acaída, na medida en que a normativa xa preveu no ano 1986 unha solicitude formal, de parte da Corporación, para o pedimento de informe económico-financeiro ou informe xurídico, porque se non, cada vez que houbese que pedir un informe habería que presentar unha moción, e non todos os concellos teñen plenos cada mes, basta unha simple solicitude presentada polo rexistro, antes en papel, agora dixitalmente.

A sra. García Freire (PP) sinala que o obxecto da moción é emitir eses informes antes de que o recurso vaia para adiante.

O secretario accidental pregúntalle que por iso se fixo como moción.

A sra. García Freire (PP) respóndelle que de aí a presa polos informes.



O sr. Alcalde dille que, en tal caso, habería que presentar unha moción para paralizar as accións xudiciais e non para pedir os informes, sendo libres para presentar unha moción nese sentido, despois de catro anos logo de terse admitido a proba nestes catro anos.

A sra. García Freire (PP) considera que é o momento oportuno, porque levan catro anos e 450.000 euros, por iso a presa, por iso a moción.

O secretario accidental dille que, atendendo ao teor literal da parte dispositiva, só se piden informes, outra cousa sería pedir suspender e paralizar o procedemento xudicial, ou retirar o recurso.

A sra. García Freire (PP) remata dicindo que se presentou o día 13 os informes xa podían estar feitos e que retiran a moción.

O sr. Alcalde conclúe indicando que poden presentar unha moción solicitando que se paralice a revisión de oficio.

6.- Moción do tripartito (SM, BNG e AV) sobre a prórroga ao ano 2021 do recoñecemento e divulgación das figuras de Ricardo Carvalho Calero e Isaac Díaz Pardo.

A sra. Rúa Prieto (AV) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta.

A continuación, a sra. Rúa Prieto (AV) dá lectura á moción:

<<O Grupo Municipal de Sadamaioría, BNG e Alternativa dos Veciños, ao abeiro do Regulamento orgánico Municipal do Concello de Sada, presenta para a súa consideración, debate e posterior aprobación polo pleno do Concello de Sada a prórroga ao ano 2021 do recoñecemento e divulgación das figuras de Ricardo Carvalho Calero e Isaac Díaz Pardo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise sanitaria provocada pola COVID-19 está a ter unhas consecuencias que condicionan e afectan a moitos ámbitos da nosa vida, e, obviamente, dentro deles hai algúns que resultan fundamentais e vitais para a cidadanía e outros que, por pareceren menos decisivos, poden pasar inadvertidos e levarnos a cometer inxustizas non desexadas. Neste sentido débese constatar o feito de como as distintas medidas derivadas da crise sanitaria impediron celebrar con normalidade as distintas actividades socioculturais vinculadas á celebración do Día das Letras galegas e conmemorar e honrar como se merece á figura de Ricardo Carvalho Calero. Por outra banda, unha situación semellante e igual de inxusta produciuse coa celebración do centenario do nacemento do noso veciño e fillo predilecto de Sada, Isaac Díaz Pardo.

Resulta evidente que, por mor da pandemia padecida, desde o mes de marzo adoptáronse unha serie de medidas (confinamento, restricións da mobilidade, toques de queda, etc.) que fixeron imposible o desenvolvemento dos actos de celebración programados cun mínimo de normalidade xa procederan estes do ámbito institucional, educativo ou partiran desde a rede cultural de base.

É necesario, polo tanto, estender ao ano 2021 a conmemoración destas dúas fundamentais figuras da arte, das letras e do compromiso co noso país para así recoñecermos, valorarmos e divulgarmos as súas vidas e obras como se merecen, facendo xustiza para con eles e dispoñendo, todxs, doutro tempo e doutras posibilidades para que tales recoñecementos teñan condicións semellantes aos levados a cabo noutros anos.

Calquera outra decisión suporía actuar inxustamente, minguar a posibilidade de dar a coñecer as figuras e obras destas dúas personalidades fundamentais na historia de Galicia.

Por todo o exposto, desde o Grupo Municipal de Sadamaioría, BNG e Alternativa dos Veciños propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguinte acordo:

- 1. Trasladar as actividades de celebración e conmemoración das figuras de Ricardo Carvalho Calero e Isaac Díaz Pardo previstas ao ano 2021.*
- 2. Estreitar e potenciar a colaboración coas asociacións, colectivos e centros educativos para poñer en valor a súas vidas e obras.*
- 3. Dar traslado a Real Academia Galega e a Xunta de Galicia do presente acordo.*
- 4. Dar difusión de este acordo plenario en todas as canles informativas e de divulgación do Concello>>>.*



A sra. Pardo Fafián considera que a situación pandémica condiciona toda a vida e resulta acaido adiar este recoñecemento.

A sra. Salorio Porral sinala que cada concello é libre de acordar o recoñecemento, pero non se van opoñer, pero consideran que deberían instar á Xunta de Galicia para que llo pedise á Real Academia Galega, tendo a competencia en exclusiva.

Deseguido procédese á votación desta moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1. Trasladar as actividades de celebración e conmemoración das figuras de Ricardo Carvalho Calero e Isaac Díaz Pardo previstas ao ano 2021.
2. Estreitar e potenciar a colaboración coas asociacións, colectivos e centros educativos para poñer en valor a súas vidas e obras.
3. Dar traslado a Real Academia Galega e a Xunta de Galicia do presente acordo.
4. Dar difusión de este acordo plenario en todas as canles informativas e de divulgación do Concello>>.

7.- Moción do tripartito (SM, BNG e AV) con motivo do Día Mundial da infancia

O sr. Blanco González defende a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta.

A continuación, a sr. Blanco González (AV) dá lectura á moción:

<<O grupo municipal de Sadamaioría, BNG e Alternativa dos Veciños, ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), con motivo do DÍA MUNDIAL DA INFANCIA, sumándonos á plataforma reivindicativa PEDIATRAS XA! MATRONAS XA! Para a súa exposición, debate e aprobación ao completo pola Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado Venres 20 de Novembro, celebrouse o Día Mundial da Infancia, esas persoas que dan ledicia e enchen a nosa vida de estreliñas e amor. Aproveitando lanzouse a iniciativa PediatrasXa! MatronasXa! que tivo unha repercusión importante en redes sociais e prensa escrita, un movemento que loita pola carencia de especialistas na Atención Primaria, o que provoca unha desigualdade fundamental no acceso á Saúde.

A Constitución recolle que “compete aos poderes públicos, organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios”. No caso das nenas e nenos galegos, e aqueles que están por vir durante o embarazo, este dereito fundamental incúmrese en moitos concellos, ben por ausencia desa figura facultativa específica, ou por un rateo facultativo/número de habitantes desorbitado.

Ben é sabido por todos, que a comezos do 2020 o servizo galego de Saúde mobilizouse por unha Atención Primaria digna, con manifestación de éxito, ás que moitos membros da corporación acudimos. O 8 de Febreiro deste mesmo ano, e no día previo á manifestación, o propio Conselleiro de Sanidade confirmaba uno novo pediatra máis para as veciñas e veciños de Sada, lembrando que había un para case 17.000 habitantes. Seguimos, por desgraza, á espera da súa incorporación.

Debido a toda esta problemática, propoñemos o seguinte acordo:

1. *Esixir á Xunta de Galicia que cubra todas as baixas, vacacións e xubilacións, sen sobrecargar ao persoal.*
2. *Elaborar unha planificación a longo prazo da necesidades reais dos facultativos e, trasladar o resultado á proposta de cota que presenta Galicia na distribución de prazas de especialidades que aproba o Ministerio de Sanidade.*



3. *Instar ao Ministerio de Sanidade que atenda e cumpra coas necesidades de cota presentadas.*
4. *Instar á Xunta de Galicia a mellorar as condicións de traballo e establecer incentivos que animen aos profesionais e exercer como pediatras, tamén no rural>>.*

O sr. Blanco Montero (PSOE) anuncia que votarán a favor, e fai unha alegación en defensa da atención primaria, porque non hai persoal, por baixas, xubilacións e pola necesaria mellora das condicións de traballo.

A sra. Salorio Porral (PP) sinala que non van de deixar de apoiar a moción, pero neste momento non hai pediatras en paro en Galicia, non así como ocorre cos policía locais, é máis fácil atopar policía que pediatras.

A sra. Mouriño Neira (SM) considera que é necesario cumprir co dereito fundamental á saúde.

O sr. Alcalde responde que tampouco hai policía no paro, nin tampouco policía interinos, como si hai pediatras ou matronas interinos. Lébralle que en catro anos fixeron un labor importante no cadro de persoal da Policía Local suprimindo unha praza e non convocando ningunha, namentres que agora crearon unha praza e convocaron seis, habendo a día de hoxe 11 efectivos de 13 de baixa, sen contar os da Academia, e o 17 incorporouse onte na Coruña, por mobilidade, e aproveita a felicitar á Subdelegada do Goberno, pola súa implicación, e polo despregue da Garda Civil, e a Garda Civil do posto de Sada, nesta situación de mingua de efectivos, e aos policía locais que están traballando nun servizo de mínimos, algúns deles en baixa sobrevida polo estrés, e engade que saíron por comisión de servizos dúas prazas, a de Inspector e a de policía de quenda de noite, estando pendente de cubrir a de mobilidade.

O sr. Blanco González (AV) quere agradecer ao PSOE e ao PP que apoiem a moción.

Deseguido procédese á votación desta moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1. Esixir á Xunta de Galicia que cubra todas as baixas, vacacións e xubilacións, sen sobrecargar ao persoal.
2. Elaborar unha planificación a longo prazo da necesidades reais dos facultativos e, trasladar o resultado á proposta de cota que presenta Galicia na distribución de prazas de especialidades que aproba o Ministerio de Sanidade.
3. Instar ao Ministerio de Sanidade que atenda e cumpra coas necesidades de cota presentadas.
4. Instar á Xunta de Galicia a mellorar as condicións de traballo e establecer incentivos que animen aos profesionais e exercer como pediatras, tamén no rural.

8.- Moción do tripartito (SM, BNG e AV) sobre o Sáhara Occidental.

A sra. Rodríguez Pena (BNG) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, a sra. Rodríguez Pena (BNG) dá lectura á moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o 21 de outubro a poboación civil saharauí estivo protestando no paso de Guerguerat, reclamando o peche dunha brecha aberta no muro de guerra marroquí non contemplado nos acordos de cesamento do fogo e que utiliza Marrocos para a circulación de camións cara a países subsaharianos con produtos e recursos naturais roubados do propio Sahara Occidental.

Esta non é a primeira das agresións de Marrocos ao pobo saharauí, senón que é a última barbarie de Marrocos, no momento no que se están a cumprir 35 anos da invasión do Sáhara Occidental, despois de que o Estado español o “entregase” a Marrocos e Mauritania.



Por iso o venres 13 de novembro prodúxose a invasión das forzas armadas marroquís neste territorio dando o fronte Polisaria por roto o alto ao fogo acadado no 1991 e declarando o sábado 14 de novembro a guerra a Marrocos.

O Pobo Saharauí leva esperando preto de 30 anos a que a comunidade internacional, Nacións Unidas, cumbran co acordado, é dicir, coa celebración de o referendo de autodeterminación que permita á cidadanía saharauí decidir libremente sobre o seu futuro. Subliñando que o papel de España é fundamental, como potencia administradora de o Sahara Occidental que ten unha responsabilidade histórica e xurídica coa descolonización deste territorio.

MOCIÓN

Por todo o dito, o goberno de Sada propón que o Pleno da Corporación Municipal, facéndose eco do sentir dunha parte importante da veciñanza e desde a defensa da legalidade internacional e da solidariedade entre os pobos e a boa relación mostrada entre moitas familias sadenses coa acollida de rapaces procedentes dos campamentos de refuxiados do Sahara a través do programa Vacacións en Paz, adopte o seguinte

ACORDO

- 1. Manifestar o apoio do noso concello ao pobo saharauí, expresando a condena pola ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do Sáhara Occidental e reclamando a súa descolonización definitiva a través do exercicio o dereito á autodeterminación recoñecido polas Nacións Unidas. Así mesmo, condenar a represión e a violación dos dereitos humanos nos territorios ocupados do Sáhara Occidental por parte das autoridades marroquinas que viola as fronteiras e os acordos de Paz establecidos desde 1991.*
- 2. Instar ao goberno español á abandonar a súa equidistancia entre as dúas partes, posicionándose de xeito claro coa parte agredida, a poboación saharauí, a promover o diálogo entre as partes, para frenar a escalada de tensión e a que impulse como potencia administradora e con responsabilidades históricas á celebración do referéndum de autodeterminación pendente tras a inoperancia mostrada polo Consello de Seguridade, a Secretaría Xeral e a misión da ONU para organizar o referéndum no Sahara Occidental (MINURSO) defraudaron todas as esperanzas que o pobo saharauí había como ven denunciando a Fronte Polisaria.*
- 3. Reclamar do goberno español o recoñecemento oficial da República Árabe Saharauí Democrática e, así mesmo, o impulso no ámbito internacional do incremento da axuda humanitaria dirixida aos campos de refuxiados de Tinduf>>.*

A sra. Nogareda Marzoa (AV) comenta que se trata dun conflito que leva moito tempo, e votarán a favor.

O sr. Blanco Montero (PSOE) fala de situación complicada, compete a política internacional, e non é tan sinxelo, sendo as Nacións Unidas as que deben poñer en marcha o proceso de autodeterminación, polo que se absterán.

O sr. Tellado Villares (PP) fai un relatorio de feitos, e presentan unha emenda, que é a seguinte:

<<1. Condenar y rechazar cualquier iniciativa que pueda alterar los acuerdos adoptados en 1991.

2. Solicitar a las partes retomar el proceso negociador y avanzar cara a una solución del consejo de política justa, duradera y mutuamente aceptables según los parámetros que establecen, de forma reiterada, las resoluciones del Consejo de Seguridad de Naciones Unidas

3. Apostar en materia de los derechos humanos por un enfoque gradual y progresivo que genere consenso en el Consejo de Seguridad de Naciones Unidas>>.

Non suposto de non ser aceptadas, o seu voto será a abstención.

O sr. Blanco Montero (PSOE) pregunta polo terceiro punto.

O sr. Tellado Villares (PP) respóndelle que se trata de defender os dereitos humanos.

Deseguido procédese á votación da emenda, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1. Condenar e rexeitar calquera iniciativa que poida alterar os acordos adoptados en 1991.
2. Solicitar ás partes retomar o proceso negociador e avanzar cara a una solución do consello de política xusta, duradeira e mutuamente aceptables segundo os parámetros que establecen, de forma reiterada, as resolucións do Consello de Seguridade de Nacións Unidas.



3. Apostar en materia dos dereitos humanos por un enfoque gradual e progresivo que xere consenso no Consello de Seguridade de Nacións Unidas.

9.- Moción do GM do BNG sobre a redución ao 50% da capacidade das prazas do transporte colectivo.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta.

A continuación, a sra. Reimúndez Suárez (BNG) dá lectura á moción:

<<MOCIÓN RELATIVA AO TRANSPORTE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo xoga un papel crucial no desenvolvemento da vida do conxunto da poboación galega, con especial incidencia en concellos que, coma o noso, están ubicados na contorna dunha área metropolitana e presentas características rururbanas no tocante ao asentamento e distribución territorial da poboación.

Xa sexa para estudar, para ir ao centro de traballo ou para levar ao cabo actividades cotiás que van do lecer ao consumo, da sanidade ao deporte ... unha grande parte da nosa veciñanza recorre ao transporte público colectivo en forma diversas, primando no noso caso en grande medida, o uso do bus sobre o do tren. Neste contexto de pandemia é preciso garantir a seguridade das persoas atendendo ás normas sanitarias con fin de frear os contaxios e a expansión do virus da COVID-19 no noso país. Foron moitas as medidas restrictivas adoptadas polo goberno da Xunta de Galiza e do estado español, sendo as últimas, as do confinamento de até 60 concellos do noso país, o peche da hostalaría nestes concellos e a imposición do toque de recoller de 23h a 06h en todo o territorio galego.

Estas medidas poñen o foco do contaxio nas actividades sociais relacionadas ao consumo nos locais de hotalaría e nas reunións familiares e de amizade en domicilios particulares, mais vemos como onde hai máis contacto entre persoas e onde máis se vulneran as condicións de seguranza sanitaria é nos centros de traballo, nos centros de ensino e no transporte colectivo. Dende o comezo desta segunda onda da pandemia observamos un transporte colectivo masificado, ateigado de xente nas horas puntas sen que o goberno galego (administración con competencias efectivas na materia) tomase medidas ao respecto, co fin de garantir unha baixada das ratios de ocupación no transporte.

Casos concretos hainos, todos os días, en numerosas franxas horarias, no noso termo municipal. Moitas foron as protestas das usuarias destes servizos que ven vulnerada a súa seguridade e saúde e é responsabilidade do goberno da Xunta de Galiza poñer ás persoas e á súa saúde no centro das medidas e das políticas sanitarias. Lonxe de tomar medidas que reforcen a seguridade sanitaria, a Xunta de Galiza decide permitir a ocupación da totalidade das prazas no transporte colectivo, afondando aínda máis no risco que supón tomar este tipo de medidas en ámbitos fundamentais para o desenvolvemento da vida cotiá das persoas.

Faino ademais, logo de que durante uns días, a ocupación estivese acoutada a un 50% das prazas sentadas, medida en principio máis lóxica. Parece claro que o interese económico privativo de determinadas empresas, concesionarias dun servizo público, prima para o goberno de Galiza sobre a defensa da saúde nun contexto tan complicado como o da pandemia que estamos a padecer.

O Concello é a administración máis próxima á cidadanía, a primeira porta na que petan persoas, na súa maioría clase traballadora, estudantado e xentes de idade avanzada que teñen no transporte público colectivo unha ferramenta indispensable para levar adiante as súas vidas. Non podemos permanecer impasíbeis fronte a aplicación dunhas medidas que atentan contra algo tan básico e elemental coma o dereito á saúde.

É por todo o anteriormente exposto que propoñemos ao pleno da corporación a seguinte proposta de

ACORDO

- 1.- Instar á Xunta de Galiza á garantir que os autobuses que prestan servizos supramunicipais teñan un aforo non superior ao 50% da súa capacidade en prazas sentadas habitual.*
- 2.- Instar á Xunta de Galiza a negociar coas empresas concesionarias os necesarios aumentos de autobuses para satisfacer a demanda baixo as condicións anteriormente expostas.*
- 3.- Instar á Xunta de Galiza a acometer unha mellora urxente da capacidade e superficie de determinadas paradas de autobus co obxecto de, antes de chegar o inverno, garantir unha maior distancia a cuberto entre as persoas usuarias do transporte público.*
- 4.- Garantir, como concello, que o bus intramunicipal circule como máximo a un 50% da súa capacidade e debidamente ventilado, dispoñendo en todo momento de xel desinfectante a disposición do público usuario>>.*



A sra. Nogareda Marzoa (AV) están de acordo, sendo o concello a primeira administración e co peche perimetral houbo un problema cos autobuses nas horas punta, e falou coa sra. Rodríguez Pena e o propio sr. Alcalde, falando de situación extraordinaria e medidas extraordinarias, cando hai grupos burbulla nas aulas, pero non así non autobuses.

O sr. Blanco Montero (PSOE) di que votarán a favor, porque non hai unha explicación lóxica, e fala da dicotomía entre economía e saúde.

A sra. García Freire (PP) preguntalle á sra. Reimúndez Suárez (BNG) por cal é o bus intramunicipal.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) respóndelle que é unha errata.

A sra. García Freire (PP) continúa dicindo que non por máis contacto nos centro de traballo, de ensinanza, no transporte colectivo, significa máis contaxio, se se cumpren as medidas sanitarias de maneira rigurosa, indicando que hai mentiras na moción, e fala que a situacións extraordinarias medidas extraordinarias, e concentraron todos os autobuses de Sada nunha mesma parada fronte ao concello, polo que votarán en contra.

O sr. Alcalde suliña que son a primeira administración, que este problema serviu para unha concienciación, e que foron veciños de Sada e dos concellos limítrofes os que se queixaron por ser liña de saída e de chegada, polo incumprimento do aforo máximo, polo que entenden que non é a solución máis acaida, senón que é preferible facer unha análise, vendo aos usuarios, para saber qué horas habería que reforzar, repensando liñas para incrementar algunha frecuencia en horas puntas.

Deseguido procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

- 1.- Instar á Xunta de Galiza á garantir que os autobuses que prestan servizos supramunicipais teñan un aforo non superior ao 50% da súa capacidade en prazas sentadas habitual.
- 2.- Instar á Xunta de Galiza a negociar coas empresas concesionarias os necesarios aumentos de autobuses para satisfacer a demanda baixo as condicións anteriormente expostas.
- 3.- Instar á Xunta de Galiza a acometer unha mellora urxente da capacidade e superficie de determinadas paradas de autobús co obxecto de, antes de chegar o inverno, garantir unha maior distancia a cuberto entre as persoas usuarias do transporte público.
- 4.- Garantir, como concello, que o bus circule como máximo a un 50% da súa capacidade e debidamente ventilado, dispoñendo en todo momento de xel desinfectante a disposición do público usuario.

C.- Rogos e preguntas.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) realiza as preguntas seguintes:

1ª) Pregúntalle á sra. Taibo Fernández se considera acaido que, a día de hoxe, non fose aprobado polo Pleno o orzamento para o exercicio 2021, dada a maioría que teñen.

A sra. Taibo Fernández respóndelle que se está a traballar no documento dende hai tempo e, por outra parte, ter os datos do POS2021 e Orzamentos Xerais do Estado, polo que en decembro ou en xaneiro espera traelo a Pleno.

2ª) Pregunta en relación aos proxectos do POS se, como é habitual, vai convocar á oposición o último día a última hora e se teñen xa os proxectos decididos.

O sr. Alcalde respóndelle que se aproba mañá o POS e hai ata febreiro para presentalos.



A sra. Pardo Fafián (PSOE) dille que se aproba mañá polo Pleno da Deputación Provincial.

O sr. Alcalde engade que cre que hai ata finais de febreiro para presentar os proxectos, que non están definidos.

3ª) Pregunta, en relación coa tramitación da exención de taxas polas terrazas, en qué punto se atopa, se o Concello de Sada vai asumir ese custe se outras administracións non se fan cargo.

O sr. Alcalde respóndelle que na rúa Praia xa está liquidado, so teñen que solicitalo, pagando o Concello de Sada o canon correspondente a Costas, e está pendente de xestionar en Costas, pero non en Portos a situación dos locais da Avenida do Porto, polos meses que xa teñen pagado, dado que ata Semana Santa váiselles prorrogar polos meses que estiveron pechados. Anuncia que non houbo alegacións á Ordenanza de terrazas, nin da Ordenanza fiscal, nin tampouco á do prezo público da escola infantil.

O sr. Ramiro Blanco (PSOE) formula un rogo e dúas preguntas:

1º) Roga que en relación coa cantidade inxente de follas na estrada de Mondego por Mosteirón cara a Castelo, e a Meirás, el que anda en moto, se proceda á limpeza se é competencia municipal.

O sr. Alcalde respóndelle que non, que xusto esas estradas, dado que unha é da Deputación e outra da Xunta de Galicia.

1ª) Pregúntalle á sra. Nogareda Marzoa (AV) en qué punto están coa cidade deportiva de Mondego.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) respóndelle que, aínda que non están definidos todos os proxectos do POS, debendo ter unha xunta de voceiros para ver o POS cando estea avanzada a cuestión dos orzamentos, e engade que están pedidos os permisos correspondentes, e está pendente do cronograma para a levar a actuación.

2ª) Pregunta en relación coa Policía Local, por que non se soluciona o conflito, que se vai enquistando, recentemente saíu nos xornais de que non se lle pagan as horas extras, que hai 11 efectivos de baixa, que as voceiras do BNG e de AV se reuniron con eles.

O sr. Alcalde respóndelle que se hai 11 efectivos de baixa a primeira solución é que se curen e se poñan a traballar, e hai 12 baixas, policía local de Cedeira que asignou a Academia, dun cadro de persoal de 18, son dous terzos, polo que o primeiro é que se recuperen e melloren da súa saúde, o vindeiro luns virán tres novos policías da Academia Galega de Seguridade Pública, que se atopaban en prácticas, e excepcionalmente van contratar dous auxiliares, ao exceder o prazo de 6 meses para a contratación de auxiliares, dada a excepcionalidade. Lembra que no Pleno se lle criticou polo excesivo número de horas extras que se estaban a pagar, estando ahí os decretos de gratificacións, algunhas pola redución do horario de traballo.

O sr. Ramiro Blanco (PSOE) continúa dicindo que non sabe cal é o problema, e que hai un conflito, igual a sra. Reimúndez Suárez (BNG) ou a sra. Nogareda Marzoa (AV) poden dar máis datos.

O sr. Alcalde dille que foron reunións cun sindicato, só co CSIF, pero se fora unha convocatoria con todos os sindicatos, se fora unha convocatoria na que se puidese chegar a acordos, puidese ser anulada por outros sindicatos por non ser convocados de maneira formal, polo que se podería agravar o conflito.

O sr. Ramiro Blanco (PSOE) continúa preguntándolle que é o que pide a Policía Local.

O sr. Alcalde respóndelle que están pedindo agora unha proposta que lles fixo el no ano 2016 que era a implantación do cuadrante rotativo, o que van a facer, non quere dicir que con iso se curen.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) salienta que non estiveron na reunión porque fose unha Mesa de Negociación, nin tampouco porque fosen a chegar a un acordo, foron a escoitar porque así llo solicitaron, eles teñen unha proposta e, como di o sr. Alcalde, hai que sentarse e ter unha Mesa de Negociación con todos os sindicatos.

O sr. Alcalde engade que así llo plantexaron e aínda non os convocaron.



O sr. Tellado Villares (PP) aclara que o seu grupo nunca se opuxo a que a policía local cobrase as horas extras, senón que fixesen tantas horas extras, e o que hai é que contratar máis policía locais. Formula os rogos seguintes:

1º) Roga que están aparecendo bolsas de lixo nas papeleiras, e que os contedores están demasiado sucios, polo que se deben de poñer en contacto coa empresa de limpeza ou co Consorcio para solucionar.

2º) Roga que se controle que hai grupos de rapaces en varias zonas do Paseo Marítimo que andan sen máscara, e non se controlan, ademais dos excesos de velocidade que hai polo porto e inclusive polo centro de Sada.

3º) Roga que, en relación co domingo 22, ás 18:30 horas, chamou á Policía Local pola caída dunha persoa maior, logo chamou ao 112, xa que non hai servizo, polo menos que saia unha mensaxe e que se vexa que estamos organizados.

O sr. Alcalde respóndelle que acaba de dar coa clave: 112. Lémbrale que fai uns días chamouno a voceira do PP por un incendio e lle dirixiu ao 112.

O sr. Tellado Villares sulíña que a policía local ten que estar, porque se ese señor quere poñer unha denuncia ten que estar a policía local, policía local tamén. Engade que o 25 de setembro pediu os cadrantes da policía local de xullo, agosto, setembro e outubro e non os recibiu, estando pendente de comprobar os datos que saen nos xornais sobre a policía local.

O sr. Alcalde conclúe facendo unha recomendación á cidadanía de chamar ao 112 aínda que haxa policía local.

O sr. Tellado Villares (PP) realiza as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta, en relación coas queixas dos repartidores e os comerciantes da rúa Linares Rivas, dado que non hai policía local, se non é posible que alguén abra esa rúa.

O sr. Alcalde dille que sempre se abriu esa rúa, salvo os domingos.

O sr. Tellado Villares (PP) respóndelle que entón non sabe por qué os repartidores e os comerciantes se queixan.

2ª) Pregúntalle ao sr. Alcalde se é certo que non se cursou ningunha denuncia sobre os locais ou establecementos dende o 2016.

O sr. Alcalde respóndelle que hoxe se incorporou o técnico de Administración Xeral de Urbanismo e xa lle foron remitidas todas as denuncias, non só dos locais.

A sra. Salorio Porral (PP) realízalle as preguntas seguintes:

1ª) Pregúntalle ao sr. Alcalde se funciona a depuradora de Sada.

O sr. Alcalde respóndelle que hai un informe de Augas de Galicia trimestral que pon que a última nota era un 6,8.

A sra. Salorio Porral (PP) salienta que lle parece unha boa nota, porque son pescadores que van a flote, por fóra do espigón e que a tubaxe por onde debería saír a auga depurada, viron residuos, en varias ocasións, polo que lle preguntan se sae depurada ou sen depurar.

O sr. Alcalde dille que lles farán chegar os informes trimestrais de Augas de Galicia.

2ª) Pregunta en relación co pedazo de beirarrúa no comezo da Praciña da Mariña, que leva un mes sen poder entrar os veciños porque lles falta a plaqueta para colocala, e leva así un mes e van esperar outro, é unha falta total de previsión para facer unha obra por non ter material para facela, cal é a solución.

O sr. Fariña Andrade (SM) di que non vai un mes dende o inicio das obras, que se ía colocar unha plaqueta, pero é mellor colocar outra, reforzada, dado que por aí acceden vehículos, que teñen que fabricar, que vai a tardar un pouco máis, e se habilitará un paso para vehículos para que accedan durante ese tempo.



O sr. Alcalde resposta que está fraguando o formigón e que xa está feito, puidendo acceder os do almacén da carnicería como os que teñen garaxes, porque esa rúa é peonil.

A sra. Salorio Porral (PP) fala de propietarios, non de veciños en xeral.

1º) Roga que, dado que o pasado 19 de agosto impugnaron o acordo plenario do Náutico, por ter premisas falsas e ser contrario ao planeamento, e o 17 de novembro pediron acceso e copia do expediente, cos actuacións levadas a cabo, se lles faga chegar esa documentación.

A sra. García Freire (PP) formula o seguinte rogo e realiza as seguintes preguntas:

1º) Roga que, dada a noticia da celebración dun botellón no Náutico, e ante a posibilidade de que se poida producir un dano físico, e a súa conseguinte reclamación patrimonial, ao sr. Alcalde que faga algo, sendo un edificio público en pleno Paseo Marítimo, polo que se debería tapiar, antes de que ocorra algo malo.

1ª) Pregúntalle ao sr. Blanco González (AV) por que falla diariamente a *centralita* telefónica do centro de saúde, respondendo nalgunha ocasión que non é da súa competencia.

O sr. Blanco González (AV) respóndelle que, como xa lle comentara o sr. Blanco Montero (PSOE) noutro Pleno, é certo que é un problema da subministradora, con R, foi o informático do concello, é un problema da empresa que subministra tanto internet como telefonía.

2ª) Pregúntalle á sra. Nogareda Marzoa (AV) ou ao sr. Alcalde por que despois dun atraso dun ano, obrigados a pedir un crédito de 15.000 euros, lle reducen a subvención ao Clube de Fútbol Sada, a menos da metade, cando levan anos poñendo tempo e esforzos para ter un club totalmente mellorados, facendo tarefas que non lles corresponden e buscando ingresos para o seu financiamento, cando para un equipo de 25 fichas dan 4.800 euros e para este club con 20 equipos, con 400 fichas, 7.500 euros.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) respóndelle que non se reduciu á metade a subvención é consecuencia da fusión de 2 equipos, nunha concorrência competitiva de subvencións, baseándose nunhas bases, que poden mellorarse e que non responden a criterios xustos, pero está aberta suxestións, pero estamos ante criterios obxectivos.

1º) Roga que dado que o 17 de marzo de 2016, tres meses do acordo do Xurado de Expropiación de Galicia, o BNG, o PSOE, SM e o PDSP, aprobaron provisionalmente un valor pola expropiación de Mondego, que consideran que non son valores desproporcionados, dado que iniciaron un recurso de revisión de oficio, de valoración desas parcelas, por un custe inicial de 3.600 euros para o taxador, que dado que xa van 450.000 euros, que propoña aos habilitados nacionais para manter ou non o recurso de revisión de oficio por uns novos valores.

O sr. Alcalde respóndelle que é certo que tiveron que facer unha provisión de fondos para a peritaxe, porque consideran que é unha taxación desproporcionada.

A sra. García Freire (PP) considera unha temeridade dado que o Xurado de Expropiación de Galicia taxou o metro cadrado en 60 euros e o PXOM en 90 euros/metro cadrado.

O sr. Alcalde dille que a taxación debe ser referida ao ano 2009, cando se fixo a expropiación forzosa e non a 2016, cando se aprobou o Plan Xeral, e como estaban eses terreos no ano 2009. Fala do plan de pagamentos e que paralelamente están nunha negociación, como advertiu nunha Comisión Informativa, polo que tentarán chegar a un acordo, que sexa menos lesivo, polo que nunca renunciarán á revisión de oficio, sería unha pésima nova que o Tribunal Superior de Xustiza ratificase esa valoración.

A sra. García Freire (PP) quere matizar que nunca falon que fosen mal valorados eses terreos, senón que son excesivos os intereses que se están a xerar durante estes 11 anos, con tanto recurso e tanto esperar ao pagamento da expropiación, para nada están a defender nin o prezo, nin ao particular.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000016

O contido íntegro das intervencións atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 23 horas e 33 minutos do día xoves 26 de novembro do 2020, do que como secretario accidental dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.